

**Acta da reunión da comisión avaliadora encargada de resolver os premios
extraordinarios de doutoramento da gran área de coñecemento de Ciencias e
Enxeñarías, correspondentes ao curso 2020-2021**

Ás 12:00 horas do día 15 de marzo de 2023, reúnense, ao obxecto de estudar e dar resposta ás alegacións presentadas á resolución de concesión dos premios extraordinarios de doutoramento da gran área de coñecemento de Ciencias e Enxeñaría, correspondentes ao curso 2020-21, na Sala Aresa-2 da Facultade de Veterinaria os membros da Comisión seguintes:

Presidenta: María Jesús Sainz Osés

Vogal 1º: Ramón Mariño Allegue

Vogal 2ª: María del Carmen Bao Varela

Vogal 3º: Luís Alberto Ramil Novo

Secretario: Xerardo Xusto García Mera

Asistindo presencialmente a presidenta e os vogais 1º e 3º e telemáticamente (Teams) a vogal 2ª e o secretario.

A Comisión, logo de estudar as catro alegacións presentadas, acorda o seguinte:

1. Alegacións presentadas por D. Ignacio Márquez Albés

Descrición das alegacións: En el desglose de las puntuaciones obtenidas, en el apartado de "Producción científica" obtuve una puntuación total de 55 puntos por los siguientes cinco items, cada uno de ellos con una valoración individual de 11 puntos:

Artículo 1: General existence principles for Stieltjes differential equations with applications to mathematical biology (2018).

Posición de la revista en la categoría MATHEMATICS del JCR 2018: 19 de 314.

Artículo 2: Resolution methods for mathematical models based on differential equations with Stieltjes derivatives (2019).

Posición de la revista en la categoría MATHEMATICS del JCR 2019: 26 de 325.

Artículo 3: Displacement Calculus (2020).

Posición de la revista en la categoría MATHEMATICS del JCR 2020: 24 de 330.

Artículo 4: Existence of extremal solutions for discontinuous Stieltjes differential equations (2020).

Posición de la revista en la categoría MATHEMATICS del JCR 2020: 19 de 330.

Artículo 5: Solvability of non-semicontinuous systems of Stieltjes differential inclusions and equations (2020).

Posición de la revista en la categoría MATHEMATICS del JCR 2020: 13 de 330.

De acuerdo con los criterios de valoración publicados en el Anexo II para las áreas comprendidas bajo la clasificación de Ciencias y Ingeniería y Ciencias de la salud, los artículos en revistas publicados en el primer tercil en el JCR del año correspondiente se han de valorar con una puntuación de entre 7 y 15 puntos. Si bien las puntuaciones obtenidas para cada uno de los artículos presentados entran dentro de estos parámetros, el hecho de que cada uno de ellos sea valorado con la misma puntuación es llamativo, especialmente dado que se han

valorado todos ellos con 11 puntos, el punto medio entre el rango de valoración para artículos en el primer tercil, a pesar de estar todos ellos por encima de la posición media dentro de los correspondientes terciles. Así, me gustaría asegurarme de que la puntuación para estos ítems es correcta e intencionada.

Acordo da Comisión: A alegación non procede. Como xa recoñece a persoa interesada, nos criterios de valoración publicados no Anexo II para as áreas de Ciencias e Enxeñaría e Ciencias da Saúde, no punto 2a, establécese que os artigos en revistas publicados no primeiro tercil (T1) valoraranse cunha puntuación de entre 7 e 15 puntos. No Anexo, non hai ningunha indicación de que se matice a puntuación segundo a posición no tercil, pero si segundo o número de autores. A Comisión decidiu valorar cada artigo do primeiro tercil con 11 puntos, considerando este criterio como simple e suficiente dadas as diferencias existentes entre as áreas de coñecemento no relativo ao tipo de publicacións en cada subgrupo de teses que optan a un mesmo premio. Por iso, a valoración dos cinco ítems aportados pola persoa interesada é correcta. Acadou 55 puntos, dado que presentou cinco artigos publicados no primeiro tercil dalgunha das categorías recollidas no JCR Science Edition Report e cun número de autores inferior a 11; unha vez realizada a correspondente corrección, a persoa interesada obtivo 50 puntos, o máximo que se pode acadar no apartado de "Producción científica".

2. Alegacións presentadas por D^a. Iria Rodríguez Arias,

Descrición das alegacións: O primeiro dos méritos presentados é un artigo nunha revista científica de alto recoñecemento internacional e que como tal, pertence ao primeiro tercil - Índice de impacto da revista: 19.924. Primeiro tercil: Chemistry multidisciplinary (10/179); Chemistry, Physical (10/165); Materials Science (17/365); Nanoscience & Nanotechnology (8/109)-

Na convocatoria do premio explícase que este mérito recibirá unha puntuación entre 7-15 puntos, mais na miña valoración outorgóuselle unha puntuación de 5.5. Pido que se valore dentro das puntuacións que expón a convocatoria para este mérito.

Tamén pediría que revisaran a puntuación do grado de innovación da miña tese (valorado actualmente con 3 puntos) xa que esta tese trouxo a catálise en fase gas por primeira vez á USC e finalizou coa construción dunha unidade de catálise en fase gas na empresa Nanogap excepcional, moi versátil e primeira en Galicia. Ademais de desenvolver por primeira vez as propiedades catalíticas dos AQCs desenvolvidos no grupo de investigación e comercializados pola empresa Nanogap, na que actualmente son a directora técnica porque durante a miña tese desenvolvín o coñecemento necesario para que os AQCs dean o salto dende a química teórica no ámbito da catálise á aplicación real gracias aos descubrimentos desenvolvidos ao longo da miña tese. Agora estes AQC supoñen unha boa alternativa para os catalizadores actuais gracias a todo o esforzo da miña tese. Creo que todo isto amosa o grande grado de innovación e a vantaxe tecnolóxica que esta tese lle outorgou a Galicia, á USC e a Nanogap o cal xustifica, baixo o meu punto de vista, un grao de innovación maior ao outorgado nesta puntuación.

Acordo da Comisión: A alegación relacionada co primeiro mérito presentado pola persoa interesada non procede. Nos criterios de valoración publicados no Anexo II para as áreas de Ciencias e Enxeñaría e Ciencias da Saúde, establécese que os artigos en revistas publicados

no primeiro tercil (T1) valorarase cunha puntuación de entre 7 e 15 puntos e que a dita puntuación se lle poderá aplicar un factor de corrección segundo o número de autores total da contribución e a aportación concreta do/a doutorando/a, precisando que este factor será de 0,5 cando o artigo teña de 21 a 40 autores. A Comisión decidiu valorar cada artigo do primeiro tercil con 11 puntos, considerando este criterio como simple e suficiente dadas as diferencias existentes entre as áreas de coñecemento no relativo ao tipo de publicacións en cada subgrupo de teses que optan a un mesmo premio, e aplicar un factor corrector de 0,5 cando o número de autores estivese entre 21 e 40. Por iso, o primeiro mérito da persoa interesada, un artigo publicado nunha revista do primeiro tercil, foi valorada con 11 puntos, puntuación á que se lle aplicou un factor de corrección de 0,5 dado que o artigo ten 26 autores (a persoa interesada firma no oitavo lugar). Por iso, a puntuación de 5,5 puntos outorgada ao primeiro ítem aportado pola persoa interesada é correcta e se mantén.

En relación coa segunda alegación presentada (revisión da puntuación do grao de innovación da tese), a comisión, logo da revisión, acorda manter a cualificación inicial, 3 puntos, facendo constar que, da xustificación aportada pola persoa interesada, non se pode deducir a súa participación no contrato “Estudio de propiedades catalíticas en sistemas de clústeres cuánticos atómicos” asinado pola empresa NANOGAP SUB-NM-POTIDER S.A. e a USC.

3. Alegacións presentadas por D^a. Alba Lombao Vázquez,

Descrición das alegacións:

1- O día 11/02/2023 publícase a lista que propón os candidatos que optan ao premio extraordinario de doutoramento do ano 2020-2021.

2- O día 13/02/2023 publícase a puntuación de todas as persoas candidatas ao premio, no se me outorga unha puntuación total de 70 puntos, 50 dos cales equivales a sección de produción científica.

3- Dentro dese apartado puntuase cada un dos méritos presentados como de 11 puntos, cunha puntuación total de 55 puntos que ao ser ponderados quedan en 50.

4- Os artigos científicos achegados como mérito son nos cinco casos publicacións no primeiro tercil polo que segundo as bases publicadas o día 18/11/2022 deben valorarse entre 7 e 15 puntos. Segundo estas mesmas bases valoraras de entre outros a contribución do/a doutorando/a á publicación segundo a declaración explícita recollida naquela (ou en documento anexo achegado a posteriori, de ser o caso). No modelo de presentación da solicitude da sede electrónica non existía a opción de anexar documentación que acreditase a contribución dos doutorandos aos artigos, polo que resulta imposible xustificar este punto.

Achegase xunto con este escrito os PDF dos artigos Key factors controlling microbial community responses after a fire: Importance of severity and recurrence e Effect of repeated soil heating at different temperatures on microbial activity in two burned soils nos que se recolle no apartado CRediT authorship contribution statement a contribución dos autores.

5- No caso dos artigos presentados como mérito, todos eles son artigos en revistas Q1, con un número elevado de citas (actualmente entre os 5 artigos, máis de 160 citas) e en todos eles a miña contribución foi alta xa que incluso forman parte da miña tese de doutoramento. No caso dos tres artigos nos que figuro de primeira autora, Changes in soil properties after a wildfire in Fragas do Eume Natural Park (Galicia, NW Spain), Key factors controlling microbial community responses after a fire: Importance of severity and recurrence e Effect of repeated soil heating at different temperatures on microbial activity in two burned soils a análise de

datos e a redacción do document completo foi realizado por min. No caso dos artigos Key factors controlling microbial community responses after a fire: Importance of severity and recurrence e Effect of repeated soil heating at different temperatures on microbial activity in two burned soils ademais, toda a experimental foi realizada integramente por min. Polo tanto considero que a puntuación recibida por estas tres méritos aportados é baixa tendo en conta as características da publicación e a miña achega persoal aos artigos.

Acordo da Comisión: A alegación non procede. Como xa recoñece a persoa interesada, nos criterios de valoración publicados no Anexo II para as áreas de Ciencias e Enxeñarías e Ciencias da Saúde, no punto 2a, establécese que os artigos en revistas publicados no primeiro tercil (T1) valoraranse cunha puntuación de entre 7 e 15 puntos. No Anexo, indícase que se matice a puntuación segundo o número de autores. A Comisión decidiu valorar cada artigo do primeiro tercil con 11 puntos, considerando este criterio como simple e suficiente dadas as diferencias existentes entre as áreas de coñecemento no relativo ao tipo de publicacións en cada subgrupo de teses que optan a un mesmo premio. Por iso, a valoración dos cinco ítems aportados pola persoa interesada é correcta. Acadou 55 puntos, dado que presentou cinco artigos publicados no primeiro tercil dalgunha das categorías recollidas no JCR Science Edition Report e cun número de autores inferior a 11; unha vez realizada a correspondente corrección, a persoa interesada obtivo 50 puntos, o máximo que se pode acadar no apartado de “Producción científica”.

4. Alegacións presentadas por D. Luca Piccotti

Descrición das alegacións: Querría amablemente saber por qué mi tesis doctoral ha sido calificada con 16 puntos sobre 20 habiendo obtenido Sobresaliente cum Laude.

Además, me parece que no se han tenido en cuenta ni las becas ni las estancias de investigación en el extranjero (movilidad).

Muchas gracias.

Acordo da Comisión: En relación á cualificación da tese doutoral do persoa interesada, hai que sinalar que esa puntuación outórgase polos membros do tribunal da tese de doutoramento, tras a defensa da mesma, entre aquelas teses que acadaron o Sobresaliente *cum laude*, para os efectos de concesión do Premio Extraordinario de Doutoramento. Polo tanto, non é competencia desta comisión valorar e/ou revisar dita puntuación.

En canto a reclamación de valoración de bolsas, na documentación presentada polo persoa interesada na solicitude inicial, non aparecen documentos que xustifiquen bolsas senón catro contratos de traballo temporal e a tempo parcial entre a persoa interesada e a USC, que foron presentados como premios (outro mérito 3.2.2 na relación de outros méritos presentados), polo que a Comisión acorda desestimar esta alegación.

En canto a alegación de que non se tiveron en conta as estadías de investigación no estranxeiro, logo de revisar a documentación aportada, a Comisión acorda o seguinte:

1. Non ter en consideración a seguinte estadía por terse levado a cabo fora do período dos seus estudos de doutoramento:
 - Byurakan Astrophysical Observatory (BAO) desde o 21 de maio de 2017 ata o 14 de xuño de 2017 (24 días).
2. Ter en consideración as tres seguintes estadías:
 - “Observatoire de la Côte d’Azur” de Calern desde o 22 de outubro de 2017 ata o 15 de

novembro de 2017 (25 días).

- ii) “Observatoire de la Côte d’Azur” de Calern desde o 23 de outubro de 2018 ata o 18 de novembro de 2018 (27 días).
- iii) Osservatorio Astronómico de Roma desde o 16 de abril de 2019 ata o 3 de maio de 2019 (18 días).

En total, a Comisión acorda valorar 70 días de estadía no estranxeiro, o cal implica unha valoración de 2,33 puntos neste apartado, polo que a puntuación final da persoa interesada acada o valor de 55,19 puntos.

En base a esta decisión, as puntuacións na subárea de Matemáticas quedan do seguinte xeito:

Subárea Matemáticas.

Nome	Puntuación	Posición
Márquez Albés, Ignacio	90,00	1º
Buedo Fernández, Sebastián	75,42	2º
Piccotti, Luca	55,19	3º
Fanjul Hevia, Arís	44,30	4º
Fernández Fariña, Alejandro	43,18	5º
Prada Alonso, Sara	20,03	6º

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00h.

En Lugo, a 15 de marzo de 2023.

A Presidenta da Comisión

O Secretario da Comisión

Asinado.: María Jesús Sainz Osés

Xerardo Xusto García Mera